



## O DILEMA DA AUTORÍA DO CRUCEIRO DO HÍO

Anxo Coya, veciño do Hío. Premio á Recuperación/Promoción do Patrimonio 2019.

O Cruceiro do Hío, labrado polo excelso Mestre Cerviño, está recoñecido como a obra máis importante en Galicia no eido da arte popular galega. Para algúns investigadores deste asunto, respectable pero non compartida polo autor deste artigo, é obra do mestre canteiro José Cerviño García (1843-1922), natural do lugar da Pena, parroquia de santa María de Aguasantas, no concello de Cotobade, hoxe fusionado co de Cerdedo. A este canteiro coñéceselle polo alcume de *Pepe da Pena*, por ser este o lugar do seu nacemento.

A documentación presentada polos *Pepistas* (defensores de José Cerviño como autor do mencionado Cruceiro e outras obras), baséase nunha longa tradición oral, na nosa modesta opinión, deformada polo paso do tempo. O historiador cangués, xa finado, Eugenio Eiroa Hermo demostrou dunha forma encomiable que o verdadeiro autor deste fermoso Cruceiro e outras obras non era Pepe da Pena, se non Ignacio Cerviño Quinteiro. Nun dos traballos publicados por Eiroa, asegura que *“...Ignacio Cerviño era – como decíamos antes- un picapedrero y nada más. No había tenido estudios, no recibió más preparación, ni le fueron dadas otras dotes que las de su propio ingenio, su natural inspiración de lo artístico...”* (“El Crucero de Hío, Verdadera Maravilla: La obra de Cerviño en Cangas”. *Faro de Vigo* 30/08/1964).

Existe desde entón un debate que podemos centrar en dúas opinións diverxentes, dando vida deste xeito a dúas correntes de investigación neste asunto: *Pepistas* e *Ignacistas*. Despois de ler a uns e a outros, decidín mergullarme entre documentos da época na procura de información sobre

ambos mestres canteiros sempre coa equidistancia que debe ter un investigador, é dicir, sen favoritismos nin suxestións maniáticas. Así fixen, sempre co apoio e axuda de grandes investigadores como o exemplar E. Alfonso Fdz. Sotelo, o incansable Estanislao Fdz. De la Cigoña ou o inefable Calros Solla Varela.

O que xa estaba recollido, máis o que conseguín recadar, leváronme á conclusión de que a figura do Mestre Cerviño correspóndese coa persoa de Ignacio Cerviño Quinteiro (Peroselo, Aguasantas 1834-O Porriño 1905). Como podemos ver existe unha diferenza de idade entre ambos canteiros de 9 anos, un dato a ter en conta, pois na data que se ergue o Cruceiro (1872), José Cerviño tería 29 anos e Ignacio contaría con 38, ao que lle debemos asignar maior experiencia e coñecemento laboral. Ignacio, era fillo de Antonio Cerviño Couceiro, mestre de cantería, e de María Antonia Quinteiro Touriño. Seu pai será un home a ter moi en conta para axudar a debullar quen labrou o Cruceiro do Hío.

### Datos de Ignacio Cerviño e do seu pai Antonio

En 1850 atopamos a Antonio Cerviño Couceiro nunhas obras na igrexa e adro de san Martiño de Bueu, así xa o documentou o investigador Arturo Sánchez Cidrás. No 1851 remata a obra da bóveda da igrexa parroquial da súa natal Aguasantas, obra na que aparece a súa sinatura labrada na propia pedra. En xullo de 1852, mediante un contrato ante notario, sae á pública poxa a obra da construción da bóveda central e outras obrigas contractuais da Igrexa do Hío, que será adxudicada ao devandito Antonio. Cómpre subliñar que este contrato está asinado polo cura párroco do Hío, Juan Manuel Míguez Alonso, o mesmo crego que manda construír e levantar o Cruceiro do Hío á devoción dos veciños.

Ignacio, entón con 18 anos, estivo traballando co seu pai durante os máis de dous anos que durou esta construción da bóveda. Está documentado por Antonio Rodríguez Fráiz que Ignacio fai o Cruceiro do Pego, na parroquia de San Pedro de Parada, en Cerdedo. Esta información está acreditada por dous documentos, pero a aparición dun terceiro faime pensar que este cruceiro non está labrado na súa totalidade polo noso protagonista. Para maior información debemos consultar o traballo desenvolvido polo escritor Calros Solla en "A labra percusora de Ignacio Cerviño" (FdV 7/10/2012). Cando contaba 25 anos e casou con Ramona Isidora Beiro Mosquera, o 3 de agosto de 1859 na parroquia de San Xoán de Cerdedo. Aquí, o 3 de novembro de 1860, naceu a súa primeira filla, Vicenta Fernanda.

Neste mesmo ano trasladouse a Madrid, baixo a protección do político de Ponteareas Sr. Bugallal, segundo testemuñas que poden



Turismo de Cangas. (C) Xaime Cortizo.

considerarse fidedignas. Fíxoo para matricularse na Escuela de Bellas Artes de San Fernando. Este dato, refírome ao feito de ser matriculado, puiden corroboralo no Arquivo, trasladado á Complutense, onde aparece tan só matriculado no curso de 1860-61. Inscribiuse en Xeometría, e despois dentro da Matrícula General, fíxoo na “Sala Grande de Principios”, materias que se impartían na Escuela Especial de Pintura, Escultura y Grabado. Esta información debemos de valorala á hora de atribuír a que persoa corresponde a figura do Mestre Cerviño. Tiña 26 anos. Pero seguiu vivindo na capital durante algún tempo máis, tempo suficiente para que nacesse o seu segundo fillo, Dionisio Casimiro, en 1862, e falecese a súa esposa Ramona o ano seguinte, o 26 de Marzo de 1863.

Nese intre vivían na Calle Olivar nº 4, na parroquia de San Sebastián. Este desgraciado suceso debeu rachar co seu proxecto de permanecer en Madrid, e regresou a Galicia, instalándose na parroquia de San Nicolás en A Coruña. E nesta cidade casará na parroquia de San Jorge catro anos despois, o 20 de maio de 1867, con Josefa Costa Linares, muller que nos documentos posteriores aparece como Linares Costa ou Linares Barrera. Delfina será súa primeira filla destas segundas nupcias, quen naceu o 11 de marzo de 1869 en Aguasantas, Cotobade, e faleceu dous meses despois. Polo tanto, a súa permanencia na Coruña será tamén curta.

### SEGUINDO A PEGADA DE IGNACIO CERVIÑO

Nese mesmo ano de 1869 aparece domiciliado en San Andrés do Hío, onde o párroco D. Juan Manuel Míguez Alonso, vello coñecido do seu pai polas obras que nesta parroquia realizou, quería erguer un Cruceiro para devoción dos veciños. Non din co documento ou contrato que acredite que Ignacio Cerviño foi o elixido polo párroco para realizar a que sería a súa obra preferida e de gran proxección popular; pero si consta que residiu na parroquia do Hío de 1869 a 1872, anos da labra do Cruceiro, sen que exista noticia algunha da existencia doutro escultor vivindo aquí neses anos. Neste tempo, Ignacio Cerviño aparece actuando como un veciño máis, que merece confianza e prestixio. Era o 27 de Novembro de 1869, cando Ignacio asina como testemuña da entrega dunha cantidade de diñeiro ao mestre albanel Juan Iglesias polos traballos realizados na Casa Reitoral. Igualmente asina outro documento en 1871, tamén como testemuña, pola compra dun terreo por parte dun veciño da parroquia que vivía preto do seu taller. Cerviño debeu trasladar a súa familia a O Hío, é dicir, a súa muller Josefa e a Casimiro, o fillo que tivo coa súa primeira esposa, Ramona, en Madrid, que na chegada a O Hío contaría con 7 anos.

Confirman esta situación os datos do nacemento da filla María Carmen Remedios, o 1 de abril de 1872, segundo consta no libro de bautizados desta parroquia e no Rexistro Civil de Bueu, a cuxo Concello pertencía a parroquia de O Hío. É o ano da colocación do Cruceiro, segundo nos acredita O Esmoleiro, obra tamén de Ignacio, e esta coincidencia debe de terse en conta.


Dende 1864, D. Juan Manuel Míguez ocupouse de erguer os muros do adro, para cuxo fin aporta 480 reais. En 1868 a información do II Libro de Fábrica é concreta e aporta



Turismo de Congas. (C) Xoime Cortizo.

unha cantidade importante: 3332 reais “*por la variación de los muros del atrio para colocar el Sto. Cristo de la Luz*”. Por outra parte, o mordomo fabriqueiro Javier Piñeiro, no mesmo ano, entregou 700 reais “*para ayuda del Sto Cristo del Atrio*”.

Pero entón preguntémonos todos: que fixo Ignacio Cerviño vivindo aquí?... A que se dedicou? Desa época non se lle coñece obra algunha. E de súpeto o Cruceiro é unha realidade a partir de 1872, e concluída esta obra, trasládase a vivir a Cangas, onde cumprirá varios contratos. Todo isto non pode certificar que Ignacio Cerviño foi o escultor desta obra, pero non hai dúbida de que neses anos desenvolveuse unha actividade dirixida a instalación de algo que se chamará *Cristo da Luz*, o noso *Cruceiro do Hío*, como desde entón (1872) e ata hoxe se lle coñece, e ademais coincide coa súa presenza.



### CRUCEIRO HIO

Situado no atrio da igrexa románica parroquial de San Andrés (S. XII) e co fondo incomparable da enseada de Aldán, o Cruceiro de Hío está considerado un dos cruceiros máis importantes de Galicia, é una das creacións máis exquisitas que teñan saído da man do home. A súa data de construción sabémola gracias ao anxiño que está no alto dunha columna ao seu lado. No pergamiño que leva na man pódese ler: “Esmolas para o santísimo Cristo da Luz 1872”. Esta foi a data na que se inaugurou o Cruceiro, para conmemorar a festividade do Cristo.

Tras observar ben esta marabilla, tallada na súa maior parte nun único bloque, chegamos ao convencemento de que o mestre Cerviño estaba posuído pola xenialidade: só así entendemos que creara unha obra que transcenderá do temporal, para acadar as máis altas cotas de expresividade artística galega. É preciso contemplar con detemento as súas numerosas tallas, os múltiples rostros que o animan e lle dan vida, para compor a Historia da Salvación da Humanidade.

O Cruceiro arrinca do chan cunha escaleira octogonal de tres banzos, á que lle segue un ara sobre a que se asenta a estrutura principal da obra, composta por base, fuste e cruz. Cada unha destas realizada nunha soa peza.

- Base: Está formada por catro fornecelos orientadas aos puntos cardinais e onde se representan tres pasaxes bíblicas: o Pecado Orixinal, Cristo Resucitado nas pavías dos Xustos e a Virxe do Carmen como intercesora das almas do Purgatorio.

- Fuste: Subindo pola columna, atopámonos a Adán e a Eva no momento de seren expulsados do paraíso. É aconsellable ver estas imaxes de perfil, xa que están unidas á columna unicamente

polos pés, desta forma decatarémonos do ben que están tallados os corpos de ambas figuras. Enriba do conxunto anterior está a Virxe Inmaculada derrotando á serpe, que encarna o mal. Para rematar, debaixo da ménsula que sostén o conxunto final, atópanse os catro anxos que sosteñen a cidade sacra de Xerusalén.

- Cruz: No máis alto do cruceiro escenifícase o desencravo de Cristo. Esta é a parte máis importante do conxunto. Hai que destacar como foi baleirada aquela única roca de granito traída da zona de Liméns. Facendo unha descrición da escena, vemos que Xesús está sendo baixado da cruz por Xosé de Arimatea, propietario do sepulcro onde foi depositado o corpo de Cristo, e por Nicodemo. Abaixo San Xoán agárrao dos pés, mentres a Magdalena bótase as mans á cabeza ea Virxe María axeónllase mirando cara ás súas mans, que supomos, aguantaban a coroa de espiñas ou esperaba para recoller o corpo xacente do seu fillo.



Basamento e parte inferior do fuste



Cruz e parte superior do fuste.  
(C) Xoime Cortizo.

(Publicado na Revista COUSAS DE. Edicións BASAN S.L. – VIGO. Verán 2022)